



15

**CONGRESO
NACIONAL
GALEGO**

**8-9/marzo/2025
SANTIAGO**

BASES DA CONVOCATORIA

1. DISPOSICIÓN XERAIS.....	3
2. PRIMARIAS Á SECRETARÍA XERAL.....	7
3. ELECCIÓN DE DELEGADAS/OS.....	15
4. PROPOSTA, DEBATE E VOTACIÓN EMENDAS.....	16

Comité Nacional

21 de Decembro de 2024

1. **DISPOSICIÓN XERAIS:**

No presente documento establécense as bases e o calendario para a Celebración do 15º Congreso Nacional Ordinario do PSdeG, incluíndo:

- A elección directa do/a Secretario/a Xeral do PSdeG-PSOE.
- A elección de delegados/as ao 15º Congreso Nacional Ordinario.
- A presentación de emendas ao Relatorio Marco e aos Estatutos Nacionais.
- A elección da Comisión Executiva Nacional.
- A elección da Comisión Nacional de Ética.
- A elección dos membros dos Comités Nacional e Federal a nomear polo Congreso Nacional.

Este proceso congresual desenvolverase no marco do establecido nos Estatutos, tanto Federais como Nacionais do Partido, no Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais e nas presentes bases desta mesma convocatoria.

A elección da **Secretaría Xeral da Comisión Executiva Nacional** do PSdeG-PSOE realizarase en base ao sistema de primarias a dobre volta, mediante voto individual, directo e secreto dos e das militantes e afiliados/as directos/as do PSdeG-PSOE, con plenos dereitos políticos e da militancia das Xuventudes Socialistas de Galicia.

A elección de **delegados/as** ao 15º Congreso Nacional realizarase a través de votación individual, directa e secreta e listas pechadas e bloqueadas da militancia e dos afiliados/as directos/as, con plenos dereitos políticos.

As agrupacións municipais poderán formular suxestións á Orde do Día, presentar proposicións e emendas de calquera natureza ao Relatorio Marco coa condición de que obteñan un mínimo do 30% de apoio na correspondente asemblea.

A elección da **Comisión Executiva Nacional** do PSdeG-PSOE farase mediante o sistema de voto maioritario, a proposta do/a Secretario/a Xeral electo/a, por voto individual, directo e secreto dos/as delegados/as con dereito a voto no 15º Congreso Nacional ordinario do PSdeG-PSOE.

A elección da **Comisión Nacional de Ética** realizarase mediante sistema de voto maioritario en votación individual e secreta dos delegados/as, con dereito a voto no Congreso Nacional ordinario do PSdeG-PSOE, previa presentación da correspondente candidatura diante da Comisión Electoral, en lista completa, pechada e bloqueada, de acordo co sistema de voto maioritario.

1.1. **Convocatoria**

O 15º Congreso Nacional Ordinario celebrarase os días 8 e 9 de marzo de 2025, na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

1.2. Calendario do proceso congresual

-Comité Nacional: convocatoria 15º Congreso Nacional	21 decembro (S)
-Remisión do censo provisional (pechado 01/06/2024)	27 de decembro (V)
-Prazo para presentar alegacións ós erros detectados no censo	30 de decembro – 2 de xaneiro (L-X)
-Remisión bases convocatoria + calendario	27 de decembro (V)
-Presentación de precandidaturas (Primarias)	13 – 17 xaneiro (L-V) (12 horas)
-Recollida e presentación de avais (Primarias)	18-27 xaneiro (S-L) (12 horas)
-Proclamación e recursos	28-29 xaneiro (M-M)
-Proclamación definitiva candidatos/as	30 xaneiro (X)
-Campaña de información	30 xaneiro – 8 febreiro
-Propostas de candidaturas (Delegadas/os 15º Congreso)	8 febreiro (20 horas)
-Xornada de votación (1ª volta primarias) para elixir a Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE e delegados e delegadas ó 15 Congreso	9 de febreiro (D)
-Envío do Relatorio Marco ás Agrupacións Municipais	Antes do 31 de xaneiro (V)
-Publicación Centros Electorais	Ata o 7 de febreiro (V)
-Celebración de asembleas para debate do Relatorio Marco e presentación de emendas.	Ata 9 de febreiro (D)
-Remisión das actas das asembleas coas emendas ao Relatorio Marco	10 febreiro (20.00hs) (L)
-Xornada de votación (2ª volta) primarias para elixir a Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE	16 de febreiro (D)
-Proclamación e recursos	17-18 de febreiro (L-M)
-Remisión memoria de emendas ás delegadas/os	28 de febreiro (V)
-Celebración do 15º Congreso Nacional Ordinario do PSdeG-PSOE	8-9 de marzo (S-D)

1.3. Orde do día provisional do 15º Congreso Nacional do PSdeG-PSOE

1. Ditame da Comisión de Credenciais e constitución do 15º Congreso Nacional.
2. Elección da Mesa do 15º Congreso Nacional.
3. Apertura do 15º Congreso Nacional. Saúdo da Presidencia do Congreso.
4. Informe de xestión dos órganos nacionais. Debate e votación.
5. Elección da Comisión Electoral do Congreso e apertura do prazo de presentación de candidaturas: Comisión Executiva Nacional, Comisión Nacional de Ética, e membros dos Comités Federal e Nacional.
6. Constitución das comisións de traballo e debate de emendas en comisión.
7. Proclamación das candidaturas presentadas diante da Comisión Electoral.
8. Presentación e aprobación polo plenario das resolucións das comisións de traballo. Se procede, debate e votación de emendas.
9. Votación das candidaturas proclamadas.
10. Proclamación dos resultados das votacións.
11. Clausura.

1.4. Composición do 15º Congreso Nacional Ordinario

Son membros con dereito a voz e voto:

- Os delegados/as elixidos/as nas asembleas pola militancia e polos/polas afiliados/as directos/a/s.
- O baremo a aplicar para a elección de delegados/as será o seguinte:
 - **Todas as Agrupacións con 5 ou máis militantes terán a representación dun delegado/a no Congreso.**
 - **Adicionalmente, asignarase a cada Agrupación un/unha delegado/a por cada 25 militantes ou fracción igual ou superior a 15.**
- As Xuventudes Socialistas de Galicia, estarán representadas cun número de delegados/as equivalente ao 4% do total de delegados/as, que representa un total de 21 delegados/as.

Son membros con voz e sen voto:

- A Comisión Executiva Nacional Galega.
- A Comisión Nacional de Ética.
- Os/as membros do Comité Nacional que representen a este órgano.

1.5. Relatorio Marco e Modelo de partido (Estatutos Galegos)

O Comité Nacional ratifica a designación dun Equipo de Coordinación do Relatorio aprobado pola CENG, e faculta a este para pedir contribucións para a mesma, así como para a redacción e presentación da Relatorio Marco. Dito equipo será aprobado no comité nacional a celebrar con data 21 de decembro de 2024.

En todo caso, o Relatorio Marco deberá estar a disposición das agrupacións, a

militancia e a afiliación directa antes do 31 de xaneiro de 2025.

O Comité Nacional Galego ratifica trala aprobación destas bases, a designación do Equipo de coordinación do Relatorio Marco aprobado pola Comisión Executiva Nacional Galega e o faculta para a redacción final e presentación do Relatorio Marco do 15 Congreso Nacional. O equipo redactor será o seguinte:

- ◆ **Coordinador:** Julio Torrado Quintela.
- ◆ **Relatores:** Nicolás González Casares.
Silvia Fraga Santos.
Obdulia Taboadela Álvarez.
Patricia Otero Rodríguez.
Aitor Bouza Manso.
Abel Losada Álvarez.
Carmen Rodríguez Dacosta.

1.6. Proposta e aprobación de emendas

Unha vez trasladado o Relatorio Marco, as agrupacións debaterán e votarán as propostas de emendas ao mesmo. Todas aquelas que obteñan o apoio de polo menos o 30% das Asembleas elevaranse ao Congreso Nacional.

1.7. Informe de Xestión dos órganos nacionais

O Comité Nacional presenta a súa memoria de xestión, que xunto coa memoria de xestión da Comisión Executiva Nacional e da Comisión Nacional de Ética serán debatidas e aprobadas polo 15 Congreso Nacional.

O Comité Nacional delegará nos membros da mesa a elaboración da súa memoria de xestión, que xunto coas memorias de xestión da Comisión Executiva Nacional Galega e da Comisión Nacional de Ética, serán presentadas no 15º Congreso Nacional pola Secretaría de Organización do PSdeG-PSOE, para o seu debate e aprobación.

1.8. Censo

O censo para a celebración do 15º Congreso Nacional Ordinario queda pechado na data de **1 de xuño de 2024**, tal e co mo establece a normativa federal.

O censo está conformado por:

- **Os e as militantes do PSdeG-PSOE.**
- **Os/as afiliados/as directos/as do PSdeG-PSOE.**
- **As e os militantes das Xuventudes Socialistas de Galicia**

O censo provisional remitirase por parte do “Departamento de Atención al Militante y la Ciudadanía”, dentro dos cinco días seguintes á convocatoria do Congreso Nacional Ordinario, abríndose un prazo de rectificación de tres días para poder presentar alegacións sobre os erros que puideran existir.

As persoas que o desexen poderán verificar ante o “Departamento de Atención al Militante y la Ciudadanía” e solicitar a corrección dos seus datos no Censo electoral no prazo de rectificación habilitado.

Tramitadas as alegacións, porase a disposición dos distintos ámbitos territoriais o censo definitivo. Aquelas persoas que teñan pendente o abono das cotas dun máximo dun ano poderán regularizar o pago deica a remisión do censo definitivo.

A listaxe definitiva de votación para a elección da persoa que será o/a Secretario/a Xeral da Comisión Executiva Nacional Galega do PSdeG-PSOE, que integra todo o corpo electoral, quedará pechado cinco días antes da xornada de votación e será remitido a cada Mesa Electoral no prazo oportuno.

O censo será custodiado e xestionado polo "Departamento de Atención al Militante y la Ciudadanía", que velará polo seu uso responsable, así como polo pleno respecto á lexislación sobre protección de datos.

De acordo co estipulado nas normas que desenvolven a lexislación de Protección de Datos de carácter persoal, en ningún caso, as precandidaturas ou candidaturas poderán acceder a datos persoais da militancia.

1.9. Comité Organizador

O Comité Organizador do 15º Congreso Nacional estará formado por:

Coordinador Xeral: Luis Ángel Lago Lage.

- **Vogais:** Ana Pena Purriños.
 - Juan Manuel Rodríguez García.
 - Lara Méndez López.
 - Paula María Fernández Pena.
- **Coordinación Provincial:**
 - Diego Fernández López.
 - Pilar García Porto.
 - Javier Rey Rey.
 - Luis Antonio Gómez Piña

O Comité Organizador estará habilitado para a promulgación de cantas instrucións, certificados e resolucións sexan precisas para o correcto desenvolvemento do proceso congresual, incluído o proceso para a elección de delegados e delegadas.

O Comité Organizador actuará sempre baixo a supervisión da Comisión Nacional de Ética que ten a última decisión sobre a aplicación das disposicións estatutarias e regulamentarias que ordenan o 15º Congreso Nacional.

2. PRIMARIAS Á SECRETARÍA XERAL DA CENG DO PSDEG-PSOE:

A elección de Secretario/a Xeral da Comisión Executiva Nacional realizarase mediante o sistema de **primarias a dobre volta**, mediante voto individual, directo e secreto dos/das militantes e afiliados/as directos/as con plenos dereitos políticos.

Poderán ser candidatos/as aquelas persoas que ademais de formar parte do corpo electoral correspondente ó proceso congresual, cumpran os seguintes requisitos:

- Sexan militantes do PSdeG-PSOE e non incorran en causa de inelixibilidade algunha.
- Reúnan, **como mínimo, o aval do 12% do corpo electoral.**

2.1. Competencias da Comisión Nacional de Ética e do Comité Organizador

O órgano encargado de velar pola transparencia e o correcto funcionamento do proceso de elección da Secretaría Xeral da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE é a **Comisión Nacional de Ética**.

Aos efectos de despregar e coordinar o dispositivo técnico e loxístico necesario para acometer este proceso electoral, designarase **un Comité Organizador**. Este Comité, cuxo labor será supervisado pola Comisión Nacional de Ética, e adoptará os acordos que se estimen necesarios para o correcto desenvolvemento do Congreso.

2.2. Comisión de Primarias

Crearase unha **Comisión de Primarias** formada pola Comisión Nacional de Ética, o Comité Organizador e representantes das candidaturas, que verificará a igualdade entre as persoas candidatas e que facilitará os mesmos medios e os datos que resulten necesarios a todas as candidaturas.

2.3. Presentación de precandidaturas

Terán a condición de **precandidatos/as**, aqueles/as militantes ou afiliados/as directos/as que comuniquen formalmente no prazo establecido a intención de concorrer a elección de Secretario/a Xeral mediante o oportuno impreso e acepten expresamente as normas do proceso de primarias e, en concreto, as normas sobre medios materiais e de financiación.

A documentación deberá remitirse antes do día 17 de xaneiro ás 12.00 horas, diante da Comisión Nacional de Ética a través do correo electrónico **cne@socialistasdegalicia.com** ou na sede nacional do PSdeG-PSOE.

Obtida a condición de precandidato/a facilitaranse os seguintes medios:

- Os impresos oficias para recollida de avais ao seu favor.
- Os datos estatísticos do censo.
- O número de avais precisos para ser proclamado/a candidato/a.
- Os datos de contacto das agrupacións municipais.

Para acadar a consideración de candidato/a, ademais de ser militante do PSdeG-PSOE e de estar inscrito no censo válido para este 15 Congreso Nacional, será preciso conseguir un 12% dos avais dos militantes e afiliados/as directos/as do Partido e das Xuventudes Socialistas de Galicia.

2.4. Recollida e presentación de avais

O período de recollida e presentación de avais iníciarase o día 18 de xaneiro e concluirá o día 27 de xaneiro de 2025 ás 12.00 horas.

A Comisión Nacional de Ética garantirá que na páxina web do PSdeG-PSOE estean publicados os modelos de avais a favor de cada un dos precandidatos/as. O aval unicamente poderá ser outorgado pola militancia e afiliados/as directos/as, no seu caso, en formato individual en papel ou de forma electrónica.

O formato individual en papel deberá conter necesariamente unha copia do anverso do DNI do militante ou afiliado/a directo/a que outorga o seu aval e a súa sinatura. Poderá facer chegar o seu aval individual en formato papel á Comisión Nacional de Ética por correo electrónico convertido nunha imaxe (cne@socialistasdegalicia.com), por correo ordinario (en calquera das súas modalidades), ou a través dos representantes da precandidatura.

O formato electrónico tramitarase a través da plataforma habilitada dende o Comité Organizador, e a tal fin deberá garantir a identidade da persoa militante ou afiliado/a directo/a e a súa vontade de avalar a un/unha precandidato/a concreto/a.

As persoas habilitadas por un aspirante para proceder no seu favor á recollida de avais poderán consultar a inscrición no censo das persoas que presten o seu aval, **sen que dita consulta poida supoñer o acceso ou a obtención de datos de carácter persoal**, de conformidade có desenvolvemento lexislativo sobre protección de datos de carácter persoal.

2.5. Verificación e reconto de avais

Unha vez rematado o prazo de recollida e presentación de avais, o día 27 de xaneiro ás 12.00 horas, procederase a verificación e o reconto dos mesmos.

A Comisión Nacional de Ética será a encargada de velar pola validación dos avais e en consecuencia, da proclamación como tales dos candidatos/as.

As precandidaturas poderán aportar ao órgano verificador dos avais, **como máximo, un 15% dos avais requiridos** para obter a condición do candidato/a, tan só coa finalidade de chegar ao mínimo establecido pola posible anulación de parte dos avais presentados.

Para proceder á verificación dos seus avais, **o precandidato/a deberá aportar a declaración de bens, actividades e intereses, así como o documento do compromiso socialista debidamente cumprimentado e asinado.**

Os criterios xerais de validez dos avais son os seguintes:

- Serán válidos tódolos avais presentados perante o sistema de aval electrónico.
- Serán válidos os avais presentados no modelo oficial que conte coa copia do anverso do DNI do/a militante ou afiliado/a directo/a que outorga o seu aval.
- Ninguén poderá avalar a máis dunha candidatura diferente, considerándose avais nulos tódolos emitidos por unha persoa a favor de mais dunha candidatura, aínda que sexa por distintos medios.
- Considerarase un único aval válido emitido por quen avalase a máis de unha vez a favor da mesma precandidatura, por medio de calquera das fórmulas previstas.

2.6. Proclamación de candidaturas

Unha vez se verifiquen e reconten os avais presentados, a Comisión Nacional de Ética realizará a proclamación provisional daquelas precandidaturas que acadasen o nº mínimo de avais requirido e cumbran cos requisitos regulamentarios esixidos.

Contra o acordo de proclamación provisional calquera dos/das aspirantes comparecidos/as no proceso de verificación e reconto poderán interpoñer, no prazo de 24 horas, recurso en primeira instancia diante da Comisión Nacional de Ética nos termos regulamentarios establecidos, **non sendo recorribles feitos, acordos ou decisións que non sexan determinantes na proclamación de calquera precandidatura.**

Aquela precandidatura que non houbese comparecido neste acto de verificación, entenderase que renuncian a súa condición de parte no proceso.

Caberá recurso en segunda instancia diante da Comisión Federal de Ética, a presentar en 24 horas desde a recepción da correspondente resolución.

O prazo para a presentación de recursos contra a proclamación das candidaturas comezará o día 28 e finalizará o día 29 de xaneiro de 2025.

Transcorrido o prazo de recursos a Comisión Nacional de Ética procederá á proclamación definitiva de candidaturas (30 de xaneiro).

No caso de que un/unha único/a precandidato/a obteña o número mínimo de avais, a Comisión Nacional de Ética procederá a súa proclamación como Secretario/a Xeral sen necesidade de votación.

2.7. Campaña de información

2.7.1. Principios xerais

A campaña de información desenvolverase entre os días 30 de xaneiro e 8 de febreiro de 2025.

Durante a campaña de información, os/as candidatos/as terán que manter en todo momento un comportamento adecuado cos principios que inspiran a nosa organización.

Sen prexuízo da individualidade da campaña de cada candidatura, todos os actos e accións que as candidaturas realicen durante a campaña de información, deberán respectar e garantir uns criterios básicos de **unidade de imaxe corporativa do Partido**. Estes criterios serán establecidos polo Comité Organizador, baixo a supervisión da Comisión Nacional de Ética.

As candidaturas teñen a obriga de **respectar a normativa interna do Partido**, a presente convocatoria e as instrucións ditadas polo Comité Organizador e a Comisión Nacional de Ética.

As candidaturas non poderán acceder aos datos persoais da militancia ou afiliados/as directos/as, sempre de acordo có estipulado na lexislación de Protección de Datos de carácter persoal.

2.7.2. Medios postos a disposición das candidaturas

Ás candidaturas, unha vez proclamadas se lles facilitará, en igualdade de condicións os recursos que pon a súa disposición a organización do partido, que serán os seguintes:

- Un espazo físico cedido polo PSdeG-PSOE, na sede nacional, que sirva como oficina-despacho da candidatura.
- Un espazo na páxina web oficial do PSdeG-PSOE.
- As candidaturas poderán, se o desexan, dirixirse unha única vez á militancia e a afiliación directa, no seu caso, con cargo aos fondos do Partido, mediante envíos de propaganda, dentro dun criterio de austeridade e emprego racional dos medios comúns.
- Comunicacións por correo electrónico a tódolos/as electores que conforman o censo electoral e as agrupacións do PSdeG-PSOE, dentro dos límites que estableza a Comisión Nacional de Ética.
- A súa coordinación coa oficina de prensa do PSdeG-PSOE.

Sen prexuízo do anterior, a Comisión de Primarias poderá pactar a posta a disposición de outros medios ou a realización de determinadas actividades.

O Comité Organizador facilitará a celebración de debates internos e públicos, entre as diferentes candidaturas concorrentes ao proceso, celebrándose polo menos un entre tódalas candidaturas, previa consulta cós/as seus representantes.

2.7.3 Regras de financiamento

As precandidaturas e candidaturas realizarán as súas campañas de información atendendo aos **principios de austeridade, responsabilidade e transparencia**, estando en todo momento sometidas ao control do Comité Organizador e da Comisión Nacional de Ética, que establecerán as condicións e limitacións para a financiación, os gastos e a contabilidade por parte das candidaturas, velando e asegurando que se axusten as normas previstas no Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais, así como o cumprimento dos mecanismos para garantir a súa transparencia.

A cada precandidato/a e aos seus representantes, facilitaráselles toda a información sobre o desenvolvemento e aplicación da normativa de financiación para todo o proceso de elección, cuxa aceptación será obrigatoria para concorrer no proceso de primarias.

O incumprimento de calquera das instrucións suporá o cese inmediato da correspondente actuación, comunicándollo, no seu caso, ás autoridades competentes, sen prexuízo de que se poidan adoptar as medidas de carácter disciplinario ou de ordenación do proceso que correspondan nese intre, incluída a decisión de apartar de dito proceso aos responsables do incumprimento.

2.8. Votación para a elección da secretaría xeral

2.8.1. Xornada de votación

A xornada de votación se desenvolverá **en primeira volta, o día 9 de febreiro de 2025, entre as 10 horas e as 20 horas**. Excepcionalmente habilitaranse quendas de horario reducido de votación de alo menos 2 horas de duración para aqueles centros de menos de 100 votantes que decidiran non establecer horario completo. A quenda reducida preferente será a de tarde, entre as 18 horas e as 20 horas.

Dito horario deberá ser comunicado ao Comité Organizador previo a publicación dos centros de votación, para ser autorizado por este órgano.

O acto de votación é único. Só poderá ser interrompido por causa de forza maior ou caso fortuíto. O lugar e horario de votación deberán facerse constar na convocatoria a militancia que se remita dende as agrupacións.

As Comisións Executivas correspondentes respecto de cada centro de votación articularán os medios oportunos para garantir unha estancia individual ou espazo para a preparación polos electores/as, en segredo, do voto.

No caso de ser necesaria unha **segunda volta, esta celebrarase o día 16 de febreiro de 2025**.

2.8.2. Centros de votación e mesas electorais

Con carácter xeral o centro de votación será a Agrupación Municipal á que se pertence por razón de militancia. Os militantes das agrupacións cun censo inferior a 10 votantes exercerán o seu dereito ao voto na agrupación con máis de 10 votantes máis próxima. Non obstante, **a Comisión Executiva Provincial poderá agrupar, aos meros efectos da votación, a varias destas agrupacións**, respectando o criterio de proximidade xeográfica, e designar unha delas como centro de votación.

O centro de votación dos/das militantes e dos e das afiliados/as directos/as, no seu caso, será o que corresponda en función do enderezo de afiliación. Para o proceso de votación elixirase unha mesa formada por unha presidencia e dúas vogalías, de acordo co establecido no Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais para Asembleas. A mesa elixida será a mesma para todos os procesos de votación que se celebren no mesmo día.

Naqueles centros de votación nos que o número de electores sexa superior a 500 poderán constituírse dúas mesas electorais aos efectos de axilizar a votación e o posterior recuento. Neste caso, o censo da votación dividirase en partes iguais e os/as electores/as agruparanse por orde alfabético de apelidos.

2.8.3. Desprazamento de voto

Publicada a lista definitiva de centros de votación e as agrupacións que comprende cada un deles, a partir do 7 de febreiro, os electores poderán solicitar, ata cinco días antes da votación, trasladar o seu voto a outro centro de votación habilitado dirixindo a súa solicitude ao Comité Organizador cumprimentando o correspondente impreso facilitado por este.

A solicitude de voto desprazado deberá facerse mediante o correspondente impreso, a través do correo electrónico ou por correo postal á atención do Comité Organizador á Rúa do Pino, 1-9 baixos, 15704, Santiago de Compostela.

Non serán válidas aquelas solicitudes recibidas despois das 12 horas do día 3 de febreiro.

2.8.4. Listado de votación primarias

Ó único censo oficial e válido será o actualizado e verificado polo Departamento Federal de Afiliación. Conformarán o censo electoral:

- Os/as militantes e afiliados/as directos/as do PSdeG-PSOE
- Os/as militantes de XSG (unicamente primarias á Secretaría Xeral)

Tres días antes da votación remitirase a cada mesa os listados de votación válidos para o desenvolvemento desta por parte do Departamento Federal de Afiliación.

O centro de votación dos/as afiliados/as directos será o que corresponda en función do seu domicilio de afiliación.

2.9. Desenvolvemento da xornada de votación

2.9.1. Constitución da mesa:

O día da Xornada de votación, á hora estipulada, constituirase a Mesa electoral e acreditará aos interventores que se presenten. A Mesa será única para os procesos de votación que se desenvolvan simultaneamente.

Co acto de constitución e acreditación de interventores, así como con calquera incidencia que se quixera recoller, a Mesa estenderá o acta de constitución.

2.9.2. Votación

Os/as electores/as exercerán o seu dereito ao voto no centro de votación no que estean inscritos.

O voto constará de papeleta e sobre. A Comisión Nacional de Ética aprobará os modelos oficiais de papeletas e sobre para a elección da Secretaría Xeral da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE.

Os/as electores/as acreditarán a súa identidade diante da Mesa, exclusivamente, perante a presentación do DNI, pasaporte, carné de conducir ou NIE. Verificada a presenza do/a elector/a no censo da Mesa, este/a exercerá o seu dereito ao voto.

2.9.3. Fin da votación e escrutinio

Á hora establecida para o peche da votación, a Presidencia da Mesa anunciará o fin do acto de votación, permitindo o voto a todo aquel que non o exercera, e estean presentes no centro de votación.

Unha vez finalizada a xornada de votación procederáse ao escrutinio dos votos. O escrutinio levarase a cabo polos membros da Mesa Electoral, que cumprimentará a acta cos resultados, e da que se facilitará unha copia aos representantes das candidaturas que así o soliciten.

A hora de realizar o escrutinio, considerarase un **único voto válido** o sobre que conteña varias papeletas da mesma candidatura.

Terán a consideración de **votos en branco** os emitidos en sobre sen papeleta eo que conteña unha papeleta branca confeccionada como tal.

Serán considerados **votos nulos** os emitidos en sobres ou papeletas diferentes do modelo oficial; os que se emitan sen sobre; os sobres que conteñan papeletas de diferentes candidaturas e aqueles nos que no sobre ou na papeleta se fixeran inscricións, excepto os que non xeren dúbidas sobre a vontade do/a elector/a.

2.9.4. Actas

Logo de realizar o escrutinio, a Mesa estenderá e asinará a acta cós resultados no modelo aprobado pola Comisión Nacional de Ética, que tamén asinarán os interventores/as das candidaturas presentes. Na acta constarán tamén as incidencias da sesión, así como as protestas das candidaturas.

Dita acta será remitida, a maior brevidade posible, a Comisión Nacional de Ética polos medios electrónicos habilitados ao efecto.

Tamén se enviará, en soporte físico, toda a documentación da mesa: acta de escrutinio, escritos de reclamación ou protestas, votos nulos e aqueles cuxa validez fose cuestionada.

2.9.5. Interventores e apoderados

Cada candidatura poderá acreditar ata cinco días antes da xornada de votación, un máximo de dous militantes ou afiliados/as directos/as con dereito de sufraxio activo no correspondente proceso como apoderados/as ou interventores/as.

Os/as interventores/as exercen o seu dereito ao voto na mesa diante da que estean acreditados, podendo asinar as actas de constitución, sesión e escrutinio. Os/as interventores/as ademais asinan a acta da Mesa.

Os/as apoderados/as exercerán as súas funcións participando con voz, pero sen voto, en calquera Mesa electoral, podendo presentar as protestas ou reclamacións que estimen oportunas ante a Mesa.

As/os apoderadas/as votarán a mesa na que estean censados.

2.10. Proclamación de resultados

Recibidos os datos do escrutinio das mesas electorais, a Comisión Nacional de Ética proclamará o resultado provisional da elección.

As candidaturas poderán, en primeira instancia presentar recurso, no prazo de 24 horas, dende o final do acto de votación, contra a acta de proclamación de resultados, ante a Comisión Nacional de Ética, quen resolverá en 24 horas dende a presentación.

Logo da resolución dos recursos presentados, será proclamado o resultado definitivo.

Será proclamado Secretario/a Xeral da Comisión Executiva Nacional o candidato/a que obteña máis do 50% do voto válido.

Se ningún candidato/a acadase dita porcentaxe celebraríase unha segunda volta o día 16 de febreiro entre os/as 2 candidatos/as con maior número de votos.

3. ELECCIÓN DE DELEGADAS/OS AO 15º CONGRESO NACIONAL GALEGO

Esta elección celebrarase o mesmo día 9 de febreiro, que se elixe o/a Secretario/a Xeral do PSdeG-PSOE, a través do voto individual directo e secreto dos e das militantes e afiliados directos/as do PSdeG-PSOE en listas pechadas e bloqueadas.

3.1. Presentación de candidaturas de delegados e delegadas

A Comisión Executiva Municipal que corresponda procederá á apertura dun prazo para a presentación de candidaturas de delegados e delegadas, que finalizará o 8 de febreiro ás 20.00 horas. Estas deberán ser completas; é dicir, conter tantos membros como postos a cubrir (con un máximo de tres suplentes), pechadas, bloqueadas e ter igual representación de homes que de mulleres, ordenados de forma alternativa (lista cremalleira).

A Secretario/a de Organización da Agrupación Municipal será a encargada de verificar que as candidaturas presentadas cumpran os requisitos esixidos. No caso de atopar nelas algún defecto que se poida corrixir, deberá comunicarllo de maneira inmediata á candidatura afectada, outorgándolle un prazo para facelo.

Con carácter xeral, para poder ser elixido/a delegado/a ao Congreso Nacional Galego haberá que **ser militante do PSdeG-PSOE**, estar en posesión de tódolos dereitos como tal, **encontrarse ao corrente de pago das cotas, e estar inscrito no censo de militantes válido** para este 15º Congreso.

Aos respectivos congresos non poderán asistir como delegados/as os membros dos respectivos órganos executivos do seu mesmo ámbito, neste caso concreto da Comisión Executiva Nacional Galega.

3.2. Atribución de delegados e delegadas

No suposto de que existan dúas listas, a minoría que obteña como mínimo un 20% dos votos válidos a candidaturas, terá unha representación proporcional a estes. En todo caso, **a lista que obteña a maioría terá dereito a metade máis un dos delegados/as a elixir.**

No suposto de que existan máis de dúas listas e ningunha obteña a maioría, **a máis votada terá dereito a unha representación da metade máis un dos cargos a elixir**, repartíndose o resto proporcionalmente entre as demais candidaturas que superasen o 20%.

4. PROPOSTA, DEBATE E VOTACIÓN DE EMENDAS

As agrupacións municipais poderán formular suxestións á Orde do Día, presentar proposicións, emendas parciais ou relatorios alternativos sobre materia de calquera natureza, sempre que obteñan un mínimo do 30% de apoio na asemblea.

4.1. Asemblea para a proposición, debate e votación de emendas

A partires do día 31 de xaneiro e deica o 9 de febreiro, as agrupacións municipais en asemblea extraordinaria convocarán aos seus militantes para que sometan a debate e votación as emendas ao Relatorio Marco.

As asembleas municipais celebraranse coa seguinte orde do día:

- 1.** Constitución da Asemblea.
- 2.** Elección da Mesa.
- 3.** Debate e votación da xestión dos órganos nacionais.
- 4.** Debate e votación das propostas de emendas ao Relatorio Marco.

Todas aquelas emendas que obteñan o apoio de al menos o 30% da Asemblea deberán ser enviadas ao Comité Organizador a través dos medios establecidos á maior brevidade posible.

4.2. Comunicación e rexistro de emendas

Habilitarase a Aplicación Federal de Xestión de Emendas para que dende as agrupacións municipais poidan rexistrarse as emendas aprobadas nas correspondentes asembleas.

As emendas aprobadas polas agrupacións municipais sen acceso á aplicación deberán ser rexistradas pola respectiva Comisión Executiva Provincial.

As emendas aprobadas polas agrupacións municipais deberán estar rexistradas na aplicación federal de xestión de emendas, antes do 11 de febreiro ás 12 horas, con obxecto de que inmediatamente finalice o seu debate e votación, poida elaborarse a Memoria de Emendas do 15º Congreso Nacional.

Unha vez recibidas as emendas con antelación á celebración do Congreso Nacional publicarase unha Memoria con todas as emendas e proposicións recibidas. Dita memoria será enviada as agrupacións municipais antes do 28 de febreiro.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2024.

